

**7.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

- Durante o prazo de dez días naturais contados desde a publicación do anuncio de licitación no BOP (Cláusula 10ª de Cláusulas Administrativas Particulares)

**8.—APERTURA DE OFERTAS**

Anunciarase no perfil do contratante do Concello.

**9.—GASTOS DE PUBLICIDADE**

Os gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario de (Cláusula 29ª de Cláusulas Administrativas Particulares)

Cangas, a 11 de marzo de 2013.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar..

**2013002830**

\* \* \*

**GONDOMAR****A N U N C I O**

Por Decreto da Alcaldía de data 07/03/2013 efectuouse a delegación especial da atribución consistente na celebración do matrimonio civil entre D. JOSÉ RAMÓN CAMINO LÓPEZ e Dña. VERÓNICA BERNÁRDEZ LAISECA, o vindeiro 13 de XULLO de 2013, ás 18.00 horas, a favor do concelleiro desta Corporación municipal, D. ANTONIO ARAUJO QUINTAS.

O que se fai público en cumprimento e de conformidade co disposto no artigo 46 do ROFRXEL.

En Gondomar, a sete de marzo de 2013.—O Alcalde-Presidente, Fernando Guitián Guitián.

**2013002539****A N U N C I O**

Por Decreto da Alcaldía de data 06/03/2013 efectuouse a delegación especial da atribución consistente na celebración do matrimonio civil entre D. EMILIO ÁLVAREZ BAS e DÑA. BEATRIZ MARTÍNEZ VIEITEZ, o vindeiro 30 de MARZO de 2013, ás 19.00 h horas, a favor do concelleiro desta Corporación municipal, D. MANUEL GÓMEZ GONZÁLEZ.

O que se fai público en cumprimento e de conformidade co disposto no artigo 46 do ROFRXEL.

En Gondomar, a sete de marzo de 2013.—O Alcalde-Presidente, Fernando Guitián Guitián.

**2013002540**

\* \* \*

**O GROVE****E D I C T O**

Se hace público para conocimiento de los HEREDEROS DE BENEDICTO ÁLVAREZ NOVOA que se encuentran en domicilio desconocido, que el Ayuntamiento de O Grove tramita un expediente de permuta de cuatro nichos de su propiedad en el cementerio municipal, por otros cuatro de iguales características, con objeto de permitir la comunicación interior entre el cementerio originario y su ampliación.

Los interesados en dicha permuta pueden comparecer en oficinas municipales, calle Cándido Acuña número 3 (36980) O Grove y/o alegar lo que estimen conveniente, durante el plazo de diez días hábiles a contar desde que se publique el presente edicto en el Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra.

O Grove, 19 de marzo de 2013.—El alcalde-presidente, Miguel Ángel Pérez García.

**2013002828**

\* \* \*

## **LALÍN**

### **E D I C T O**

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2013, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de crédito número 1-P/2013 de Crédito Extraordinario dentro do vixente presuposto municipal, financiado mediante a baixa de crédito doutras partida non comprometidas, por un importe total de 250.000 €.

De conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do RD Legislativo 2/2004 que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de 5 de marzo, e 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o citado expediente quedará exposto ó público, no departamento de Intervención deste Concello, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

De non presentar reclamacións durante o período sinalado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, en virtude do disposto nos artigos 177.2 en relación co artigo 169.1 do RD Legislativo 2/2004 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38.2 en relación co 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Lalín, a 25 de marzo de 2013.—O Alcalde, José Crespo Iglesias.

**2013002953**

\* \* \*

## **MORAÑA**

### **A N U N C I O**

Visto o expediente relativo á declaración de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, de Dona MARCÍA PEREIRA SILVA, domiciliada na rúa N 3, núm. 3, 19 izda, de Santa Lucía, parroquia de Saiáns, por posible inscrición indebida con incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 54 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, unha vez intentada a notificación persoal sen resultado algún no último enderezo coñecido da interesada, sobre a base do disposto no artigo 59.4, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, pónselle de manifesto o expediente completo ó administrado en trámite de audiencia durante o prazo de quince días hábiles (15), a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a efectos de que poida alegar e presentar os documentos e xustificantes que estime oportunos.

O que se fai público de conformidade co disposto no artigo 72 do mencionado Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo.

Moraña, 18 de marzo de 2013.—A alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos.

**2013002590**

\* \* \*